

MULLERES NO CINE PRODUTORAS

« (...) o que caracteriza o cinema de Ateyyat el-Abnoudy desde os seus comezos ata a actualidade pola súa veciñanza cos campesiños e cos marxinaos das cidades »

documentamadrid.com



a súa curtametraxe *A golpe de tacón* é unha historia baseada na experiencia de Anita Sirgo e de Constantina Pérez, dúas mulleres da conca mineira asturiana que lideraron a mobilización feminista durante as folgas mineiras de 1962-63 e como consecuencia diso, foron duramente represaliadas.

agosto 2022

LUNS

MARTES

MÉRCORES

XOVES

VENRES

SÁBADO

DOMINGO

2003 Morre Marie Trintignant, en París. Actriz de cine, televisión e teatro. A diversidade dos seus papeis fixo que fora unha actriz enigmática e difícil de clasificar.	1998 Morre Mapy Cortés. Actriz, cantante, bailarina e vedette portorriqueña. Época de ouro do cinema mexicano. Década do 40.	1905 Nace Dolores del Río, en Victoria Durango. Actriz mexicana. Recoñécese como a primeira actriz latinoamericana ao triunfar en Hollywood.	1983 Nace Greta Gerwig, actriz, directora e guionista estadounidense de gran talento recoñecido nos Oscar por <i>Lady Bird</i> .	1957 Nace Donzaleigh Abernathy. Actriz, escritora e activista estadounidense.	190 Nace Rosaura Revueltas Sánchez, actriz de cinema e teatro, bailarina e escritora mexicana. Recordada polo seu impactante rol no filme <i>La sal de la tierra</i> .	1975 Nace Charlize Theron. Actriz e modelo sudáfricana-estadounidense. No 2003 gañou o Oscar á mellor actriz pola súa interpretación de assassina en serie Aileen Wuornos na película <i>Monster</i> .
1921 Nace Esther Williams, en Los Angeles. Actriz estadounidense famosa polas súas películas musicais con espectáculos acuáticos.	1976 Nace Audrey Tautou, en Francia. Actriz, recoñecida internacionalmente polo seu papel protagonista en <i>Amélie</i> .	1974 Nace Haifa-al Mansour, primeira directora de cinema saudí.	1989 Nace Úrsula Corberó en Barcelona, actriz, que saltou á fama coa serie <i>Física y Química</i> e non deixou de ter éxitos.	1966 Nace en Marruecos Dalila Enmadri, directora de cine marroquí. Fai documentais sobre a vida cotiá en Marruecos e retratos de mulleres.	1962 Nace Gracia Querejeta en Madrid, cineasta que foi nominada a diversos premios Goya en 2007 polo seu filme <i>7 meses de billar francés</i> .	1899 Nace Alma Reville, actriz e asistente de dirección cinematográfica inglesa.
1990 Nace Jennifer Lawrence. Actriz estadounidense. Tamén foi produtora cinematográfica.	2017 Morre Kira Nikolaevna Golovko, en Moscú. Actriz de teatro e cine soviético e ruso, profesora de arte dramático.	1978 Nace Alejandra Mora en Valencia, produtora, realizadora e directora de documentais, cofundadora do Festival de Cine e Dereitos Humanos de Valencia.	1957 Nace Carole Bouquet. Actriz, coñecida internacionalmente dende o seu debut cinematográfico en 1977, cando protagonizou <i>Ese oscuro objeto del deseo</i> de Luis Buñuel.	1965 Nace María de Medeiros, en Lisboa. Actriz, directora de cine e cantante portuguesa.	1974 Nace Amy Adams, en Italia. Actriz estadounidense, coñecida polas súas actuacións tanto cómicas como dramáticas.	1956 Nace Kim Victoria Catrall, en Liverpool. Actriz, coñecida polo seu papel de Samantha Jones na serie de televisión <i>Sex and the City</i> .
1950 Nace Marisol Carnicer, burgalesa, foi a primeira muller en España en exercer a responsabilidade de dirección de produción.	1999 Nace Vera Miles. Actriz de cine estadounidense. Destacou en Hollywood nos anos 50 e 60.	1945 Nace Ronee Blakley, en EE.UU. Actriz, consumada cantante, compositora, produtora e directora. Interpretou a superestrela ficticia de country, Barbara Jean en <i>Nashville</i> , de Robert Altman (1975).	1987 Nace Liu Yifei. Actriz e cantante china e nacionalizada estadounidense. No 2020 Liu protagonizou o filme live-action <i>Mulan</i> de Disney.	1946 Morre Jeanie MacPherson. Actriz e guionista estadounidense. A súa actividade interpretativa tivo lugar na época do cine mudo, dende 1908 á 1917.	2012 Morre Aurora Bautista, actriz castelá manchega de gran formación teatral e éxito cinematográfico.	1985 Morre Ruth Gordon. Actriz e escritora estadounidense gañadora dun Oscar á Mellor Actriz de reparto por <i>Rosemary's Baby</i> (1968).
1915 Nace a actriz sueca Ingrid Bergman, galardoada con tres Oscars e primeira gañadora do Premio Tony como mellor actriz.	1970 Morre Jean Seberg, en París. Actriz estadounidense. Recordada pola súa participación en numerosas películas: <i>Juana de Arco</i> (1971), <i>Buenos días, tristezas</i> (1973), <i>Al final de la escapada</i> (1968) e <i>Lilith</i> (1964). É unha icona da nouvelle vague francesa.	1870 Nace María Montessori, médica e pedagoga.				

Tempo de mulleres, mulleres no tempo



STES
INTERINDUCIAL
Organización de Mujeres



CONFEDERACIÓN
INTERINDUCIAL
Organización de Mujeres



Asemblea
de Mulleres



STEG